

RESOLUCIÓN DA DÉCIMA CONVOCATORIA DOS PREMIOS AGADER ÁS INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

Mediante a Resolución do 14 de decembro de 2018 (DOG nº 31, do 13 de febreiro de 2019) convocouse a décima edición dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.

O artigo 11 das bases reguladoras que rexen esta décima convocatoria sinala que para a concesión dos premios constituirase un xurado ao que lle compete efectuar a proposta de resolución que estará motivada e terá carácter vinculante para o órgano encargado de resolver a selección das iniciativas premiadas.

As ditas bases reguladoras establecen que a persoa titular da Dirección Xeral da Agader resolverá a concesión dos premios en virtude da delegación atribuída polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto)

O director xeral de Agader, por Resolución do 21 de febreiro de 2019, modificada por resolución do 22 de marzo de 2019, nomeou os seguintes membros do xurado encargado de avaliar as iniciativas presentadas e de efectuar a proposta de resolución de concesión dos premios:

Presidente:

Miguel A. Pérez Dubois, director xeral da Agader

Vogais:

Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade

Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Políticas Culturais

M^a Nava Castro Domínguez, directora da Axencia Turismo de Galicia

M^a Belén do Campo Piñeiro, directora xeral de Patrimonio Natural

Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Alfredo L. García Rodríguez, Presidente da Fegamp

María José Fernández Varela, xerente do GDR Ulla, Tambre, Mandeo

Javier Blanco Carballal, subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural

Alejandro Sánchez de Dios, subdirector de Mobilidade de Terras

Silvestre J. Balseiros Guinarte, director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Secretario:

Severino Álvarez Monteserín, secretario xeral da Agader

A primeira reunión do xurado tivo lugar o 27 de marzo de 2019 e nela acordouse a constitución da comisión de preselección prevista no artigo 11 das bases reguladoras.

O 29 de marzo de 2019 o director xeral de Agader designou os membros da comisión de preselección. O 16 de abril de 2019 esta comisión reuniuse para valorar e propoñerlle ao xurado a puntuación desagregada de dúas candidaturas por cada unha das categorías convocadas, agás na categoría "Turismo", na que só propuxo unha candidatura xa que, a criterio da comisión, ten máis lóxica primar un proxecto global de desenvolvemento turístico que unha iniciativa de hospedaxe, como eran o resto das presentadas.

O 25 de abril de 2019, tendo en conta a preselección de candidaturas realizada pola comisión de preselección, o xurado propuxo que se concedesen o premios da décima convocatoria dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural ás seguintes candidaturas:

Categoría	Candidatura	Solicitante	Puntuación
Mocidade	Corazón de carballo granxa escola musical	Xosé Santiago Martínez Fariñas	33,67
Proxectos culturais e de recuperación patrimonial no	Fundación Eduardo Pondal	Fundación Eduardo Pondal	37,67



medio rural			
Proxectos de interese social	Programa de apoio integral familiar	Asociación Carabelo	58
Turismo	Xeoparque Courel	Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra- Courel	90
Sector agro-gandeiro	A Pementeira	SAT A Pementeira	43,67
Innovación tecnolóxica	Fabricación de caixas forradas	Gráficas Salnés SL	33
Mulleres	Incorporación das mulleres do entorno rural na industria	Polyesteres Bidasoa SL	35,67
Loita contra o abandono e en prol da mobilidade de terras agrarias	Amarelante, unha aposta polo rural a través da castaña e o cooperativismo	Amarelante, Sociedade Cooperativa Galega	60

O 4 de xuño de 2019 o secretario xeral de Agader propuxo que se resolvese a décima convocatoria dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural nos termos propostos polo xurado (CVE: PoDzhDdG42)

Tendo en conta o que antecede,

RESOLVO

1.- Conceder os premios da décima convocatoria dos Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural do seguinte xeito:

Categoría	Candidatura	Solicitante	Puntuación
Mocidade	Corazón de carballo, granxa escola musical	Xosé Santiago Martínez Fariñas	33,67
Proxectos culturais e de recuperación patrimonial no medio rural	Fundación Eduardo Pondal	Fundación Eduardo Pondal	37,67
Proxectos de interese social	Programa de apoio integral familiar	Asociación Carabelo	58
Turismo	Xeoparque Courel	Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra- Courel	90
Sector agro-gandeiro	A Pementeira	SAT A Pementeira	43,67
Innovación tecnolóxica	Fabricación de caixas forradas	Gráficas Salnés SL	33
Mulleres	Incorporación das mulleres do entorno rural na industria	Polyesteres Bidasoa SL	35,67
Loita contra o abandono e en prol da mobilidade de terras agrarias	Amarelante, unha aposta polo rural a través da castaña e o cooperativismo	Amarelante, Sociedade Cooperativa Galega	60



2.- Denegar os premios ás candidaturas presentadas polos demais solicitantes.

3.- Declarar desistida a Sociedad Cultural Deportiva Fontefría, que presentou a candidatura “Actividades deportivas e de lecer na praia fluvial do Corgo” por non ter presentado en prazo a documentación que se lle requiriu.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, un recurso potestativo de reposición diante do Consello de Dirección de Agader, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se non se quere presentar o recurso mencionado, pode interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela que corresponda, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, pode interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Santiago de Compostela
O Consello de Dirección da Agader
(P.D. Acordo do 11.7.2013)
O director xeral da Agader

(Asinado dixitalmente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

